# Libros de Luísa Villalta




## A súa obra na Biblioteca Provincial

Deputación DA CORUÑA

Biblioteca Deputación

Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña

# Libros de Luisa Villalta na Biblioteca Provincial

Luisa Villalta naceu na Coruña en 1957, a cidade na que residirá a maior parte da súa vida e que será materia principal da súa obra. Estuda na USC, onde se licencia en Filoloxía Galego-portuguesa e Hispánica. Era tamén titulada superior en violino. Formou parte da Xove Orquestra de Galicia e da Orquestra de Santiago de Compostela, así como doutros grupos de cámara.

Escritora, filóloga e violinista, foi unha creadora dunha obra única e sólida que a converteu nunha das grandes figuras da literatura galega xurdida na segunda metade dos anos 80 e principios dos 90

Foi unha escritora multixénero que abrazou a poesía, a literatura dramática, a narrativa, o ensaio e o xornalismo de opinión.

A Real Academia Galega elixiu a Luísa Villalta como autora homenaxeada para o Día das Letras Galegas de 2024 por ser unha escritora "para facernos pensar o mundo contemporáneo, a través dunha obra marcada polo pensamento apaixonado, a procura do rigor e tamén a exploración estilística"



# Libros de Luisa Villalta na Biblioteca Provincial

## Teatro




**Villalta, Luísa**
*O Don Hamlet de Cunqueiro : unha ecuación teatral*
88 p.

**Resumo:** A peza O incerto señor Don Hamlet, Príncipe de Dinamarca foi até o de hoxe moi pouco estudada e analisada. Álvaro Cunqueiro ten manifestado que a sua obra dramática é produto dos moitos anos que pasou a matinar na traxédia de Shakespeare, intentando explicar-se a si mesmo a cuestión: quen e Hamlet? Eis a incógnita dunha ecuación que se formula exclusivamente en termos teatrais

**Sinatura:** GAL/3951




**Villalta, Luísa**
*Silencio, ensaiamos*
124 p.

**Resumo:** "Unha nota cravada nunha porta,unha instrucción, una advertencia, un rogo, unha invitación a abrir esa porta, como se abre o estoxo dun instrumento ou unha partitura musical"

**Sinatura:** GAL/4030

## Poesía




**Villalta, Luísa**
*En concreto*
xxx p.

**Resumo:**
xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx

**Sinatura:** GAL/11369

# Libros de Luisa Villalta na Biblioteca Provincial

| | |
|---|---|
|  | **Villalta, Luísa**<br>*Música reservada*<br>120 p.<br><br>**Resumo:**<br>xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx<br><br>**Sinatura:** GAL/3295 |
|  | **Villalta, Luísa**<br>*Ruído*<br>93 p.<br><br>**Resumo:**<br>xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx<br><br>**Sinatura:** GAL/5292 |
|  | **Villalta, Luísa**<br>*Pensar é escuro : poesía reunida (1991-2004)*<br>362 p.<br><br>**Resumo:** Esta obra recupera os catro títulos que Luísa Villalta dispuxo en vida para a súa publicación: Música reservada (1991), Ruído (1995), Rota ao interior do ollo (1995) e En concreto (2004). Estes versos converteron a autora nunha das voces máis importantes da poesía galega do noso tempo e consagrárona como unha creadora singular e inimitable<br><br>**Sinatura:** GAL P 82 |

# Libros de Luisa Villalta na Biblioteca Provincial




**Longueira, Maribel ; Villalta, Luísa**
*Papagaio*
104 p.

**Resumo:** No mes de marzo do ano 2001 as edificacións das rúas Hospital e Tabares da cidade da Coruña foron derrubadas por máquinas de dentes de ferro que levantaron unha poeira que cubriu o barrio enteiro. Durante as semanas anteriores e nos días que duraron os traballos de demolición, Maribel Longueira permaneceu atenta, rexistrando coa cámara as paredes e a súa caída; e tamén os cascallos, anacos dun tempo perdido nos que se podía presentir o que albergaron durante anos os andares e os cuartos dos edificios agora arruinados

**Sinatura:** GAL/12323

## Novela




**Villalta, Luísa**
*Teoría de xogos*
99 p.

**Resumo:** Teoría de xogos é unha novela envolvente onde a autora narra con sutileza e mestría as sensacións e acontecementos íntimos dun grupo de cinco personaxes cuxa despreocupada relación cotidiana entra en correspondencia coas grandes transformacións sociais da Galiza recente.

**Sinatura:** GAL/7143

## Ensaio




**Villalta, Luísa**
*O Outro lado da música, a poesía*
192 p.

**Resumo:** Unha relectura da historia da poesía galega procurando nesta a presenza substantiva da música, dende a Idade Media ata as Irmandades da Fala e a época Nós, e que converte a obra nun exercicio fundamental para mellor comprender tanto a poesía galega de todo tempo como a propia escritura de Luísa Villalta.

**Sinatura:** GAL/8920

# Libros de Luisa Villalta na Biblioteca Provincial

## Periodismo




**Villalta, Luísa**
*Libro das Colunas*
110 p.

**Resumo:** Reúnese aquí o que deitou Luísa Villalta coa maior das sensibilidades e a máis clara das contundencias, nas columnas do semanario "A Nosa Terra" entre xaneiro de 2002 e a súa morte en marzo de 2004. Léndoa agora disípase a covardía, abríndose toda unha aventura xeracional e un desexo de idioma.

**Sinatura:** GAL/11737

## Crítica e interpretación




**Villalta, Luísa**
*Así vou eu, formando parte*
226 p.

**Resumo:** Así vou eu, formando parte non é só unha antoloxía que percorre a obra de Luísa Villalta para amosar as súas vertentes máis intensas, senón tamén un cofre que contén inesperados tesouros e que Eva Veiga nos ofrece xunto a Pilar Pallares con toda a súa xenerosidade

**Sinatura:** TL/10

Biblioteca
Deputación